

Concello de Covelo

Exp. 296/2024

Asunto: Aprobación das bases do curso para obtención dos carnés de conducir B,C e CAP.

BASES PARA A REALIZACIÓN DO CURSO PARA A OBTENCIÓN DOS CARNES DE CONDUCIR B,C, E CAP 2024.

A Deputación de Pontevedra, en resolución de data 09/08/2024, concedeu o concello de Covelo unha subvención de 5.959,08 €, con cargo a liña de “fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xerero para o ano 2024 (exp. 2024000493)” para levar a cabo o proxecto de desenvolvemento e visibilización de medidas propostas polo III Plan Municipal de igualdade de oportunniddes entre homes e mulleres do concello de Covelo 2024.

Dentro deste III Plan Municipal atopase o proxecto de favorecemento da inserción laboral en mulleres de especial vulnerabilidade: curso para a obtención dos carnés de conducir B , C e CAP.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar as bases do proxecto de favorecemento da inserción laboral en mulleres de especial vulnerabilidade: curso para a obtención dos carnés de conducir B , C e CAP.

1) OBXECTO

O concello de Covelo é un Concello rural cunha dispersión xeográfica importante cun transporte público limitado. O obxecto deste proxecto é favorecer a inserción e a conciliación da vida persoal e familiar, a través da obtención do carné de conducir, clase B, clase C máis CAP para mulleres empadroadas en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades no concello de Covelo.

É un proxecto para mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.

Establécense 4 cursos para o carné B e 2 para o carné C+ CAP .

2) BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias deste proxecto, mulleres empadroadas no concello de Covelo que cumpran os seguintes requisitos:



Concello de Covelo

a) Que sexan maiores de 29 anos na data de finalización do prazo da presentación de solicitudes.

b) Que estén empadroadas e residan no Concello de Covelo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024. O empadramento suporá a residencia efectiva, polo que as persoas beneficiarias, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Covelo.

Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

c) Que os ingresos per cápita da unidade familiar á que pertenza non superen a cuantía do IPREM anual (Indicador Público de Referencia de Efectos Múltiples) - 14 pagas: 8.400 € no ano 2023.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables: As nais, pais, titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas ou fillos solteiras/os menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar. Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, alumna/o e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: Resulta da suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro.

- No caso de non presentar declaración teranse en conta os rendimentos netos reducidos de todas as persoas computables da unidade familiar calculado como determina a Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Personas Físicas e de modificación parcial da Lei dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renta de non Residentes e sobre o Patrimonio.
- Terase en conta a situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2023 e a renda do 2023.

e) Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias co concello de Covelo.

f) Atoparse ao corrente no cumprimento das demais obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

g) Estar ao corrente ou non ter deudas coa Administración en Xeral (Instituto de galego e vivenda e solo...)

h) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo concello de Covelo no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.

i) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello en ditas actuacións.

j) Comunicar ante o concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión do curso.

3) CRITERIOS DE SELECCIÓN

1.- Para seleccionar as posibles beneficiarias teranse en conta os seguintes criterios:



Concello de Covelo

RENDA DISPONIBLE	PUNTOS
Renda per cápita da unidade familiar menor de 0,5 veces o IPREM . No caso de coincidir algunha cantidade escollerase a opción máis favorable.	4 puntos
Renta per cápita da unidade familiar entre 0,5 e 1 IPREM No caso de coincidir algunha cantidade escollerase a opción máis favorable.	3 puntos
SITUACIÓN FAMILIAR	
Familia monomarental: Núcleo formado por unha única proxenitora e as crianzas ó seu cargo. É un requisito non convivir con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal. (Xustificación mediante certificado de monoparentalidade).	3 puntos
Familias formadas por unha única muller. (Xustificación mediante a presentación dun certificado de convivencia). É un requisito non convivir con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal.	1 punto
Que os fillos ou fillas da solicitante padezcan trastornos de aprendizaxe ou discapacidade e se necesite vehículo para trasladalos a centros especializados (xustificación mediante a presentación dun informe técnico especializado ou certificado de discapacidade).	2 puntos
Familia numerosa	1 punto
Mulleres vítimas de violencia de xénero (acreditarse documentalmente)	3 puntos
SITUACIÓN LABORAL	
Mulleres en situación de desemprego (acreditarse documentalmente)	1 punto
Mulleres en situación parcial de desemprego (acreditarse documentalmente)	0,5 puntos

2.- Se aplicados os criterios anteriores se producen empates, éstos se resolverán a favor da solicitante que obtivera maior puntuación no apartado de situación económica. De persistir o empate, resolverase a favor de quen obteña maior puntuación no apartado de situación familiar.

4) GASTOS QUE CUBRE O PROXECTO E APORTACIÓN DAS BENEFICIARIAS

Beneficiarias do carné B (4 persoas) : Aportación das solicitantes: 240 €

1.-As participantes no programa terán cubertos os seguintes gastos:

- 🕒 Matrícula
- 🕒 Clases teóricas 1 mes.



Concello de Covelo

🕒 20 prácticas

🕒 Taxa para realizar examen.

2.- O custe das prácticas que ás alumnas queiran realizar a maiores, así como o custe de renovación, no seu caso, dos dereitos de examen, deberán ser asumidos polas participantes.

Beneficiarias do carné Permiso C+ CAP (2 persoas): Aportación das solicitantes:350 €

1.-As participantes no programa terán cubertos os seguintes gastos:

🕒 Matrícula, taxa de tráfico

🕒 10 prácticas

🕒 1 examen pista

🕒 1 examen cidade

🕒 Taxa para realizar o examen do CAP en Santiago.

2.- O custe das prácticas ás alumnas que queiran realizar a maiores, así como, o custe de renovación, no seu caso, dos dereitos de examen, deberán ser asumidos polas participantes.

5) CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (ANEXO I) presentaranse no Rexistro de Servizos sociais, ou pola sede electronica do Concello de Covelo, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 la Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITUDE

A solicitude terán que ir acompañada inescusablemente da seguinte documentación:

1. DNI da persoa solicitante.
2. Autorización á consulta dos datos do padrón.
3. Libro de familia completo das persoas da unidade familiar.
4. Título de familia numerosa, no seu caso.
5. Certificado de discapacidade, no seu caso.
6. Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade (ANEXO II).
7. Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e coa administración en xeral.(ANEXO II).



Concello de Covelo

8. Certificado de convivencia, así como de sentencia firme de divorcio ou separación, ou de familia monoparental
9. Informe técnico especializado da situación a xustificar, no seu caso.
10. Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2023 das persoas que convivan na unidade familiar.
11. Calquera outra que se estime conveniente na instrución do procedemento.

🕒 **Inscripcións: DO 25 DE OUTUBRO O 31 DE OUTUBRO 2024**

🕒 **Lista de persoas admitidas: 12 DE NOVIEMBRE 2024**

🕒 **Pagamento: DO 12 AO 15 DE NOVIEMBRE 2024**

O prazo de presentación de solicitudes poderá variar en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

6) DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 231.22799 do orzamento municipal para o ano 2024.

7) EMENDA DE SOLICITUDES

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o concello requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

8) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O órgano correspondente concederá a formación que cumpran os requisitos e que obteñan maior puntuación, tendo en conta o establecido nos apartados 1.2 e 3.

9) PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento será instruído pola educadora social deste concello integrante do departamento de servizos sociais, ou na súa ausencia, a persoa que a alcaldía propuxera, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de emenda de deficiencias da documentación. Recibidas as solicitudes procederase a súa tramitación. Comprobado que as persoas solicitantes cumpren



Concello de Covelo

os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida. Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base 6 os expedientes serán elevados á comisión de valoración, que estará constituída por:

Presidente: O alcalde do concello de Covelo

Vogal: Persoa funcionaria traballadora municipal experimentada na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de secretaria.

Vogal: A concelleira de cultura, turismo, formación e emprego.

Vogal: A educadora social.

Vogal: A secretaria-interventora municipal.

Vogal: Concelleira do bloque municipal BNG.

Vogal: Concelleiro do PSOE Todas e cada unha das persoas que forman esta comisión poderán ser substituídas polas persoas nas que delegue cada unha delas.

A Comisión de valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que reuniran os requisitos establecidos.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, e as denegadas co seu motivo. O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente. O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

10) OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Estar empadroados no concello de Covelo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento, solicitando os informes que procedan.
2. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e as que se marquen no comezo da formación.
3. Asistir e seguir con aproveitamento o curso.

11) NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para presentación de solicitudes. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes, por silencio administrativo, se transcorrido devandito prazo non se ditou e notificou resolución expresa. A notificación da resolución realizarase de acordo co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra o acordo de resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben directamente



Concello de Covelo

recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contenciosoadministrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 y 4 de la 29/98.

A publicación destas bases no taboleiro de anuncios do concello de Covelo da sede electrónica: <https://covelo.sedelectronica.es>.

A relación de persoas admitidas, unha vez realizada a valoración , publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica: <https://covelo.sedelectronica.es>

12) INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno Local.

13) DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Covelo para o ano 2024, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación.

SEGUNDO.- Aprobar os anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude para a participación en dito curso, así como os anexos II e III (declaracións).

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos municipais e na páxina web do concello.

Covelo, a data que figura na marxe.

Alcalde-Presidente

Juan Pablo Castillo Amigo



Concello de Covelo

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTO DE FAVORECIMENTO DA INSERCIÓN LABORAL EN MULLERES DE ESPECIAL VULNERABILIDADE: AXUDA PARA OS CARNET DE CONDUCIR B ,C e CAP. CONCELLO COVELO 2024

ANEXO I. SOLICITUDE

PERSONA SOLICITANTE	
Nome e Apelidos	<input type="text"/>
Enderezo	<input type="text"/>
Data de nacemento	<input type="text"/>
DNI	<input type="text"/>
Telefono/s	<input type="text"/>
Correo electronico	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN:

1. DNI da persoa solicitante.
2. Autorización á consulta dos datos do padrón.
3. Libro de familia completo das persoas da unidade familiar.
4. Título de familia numerosa, no seu caso.
5. Certificado de discapacidade, no seu caso.
6. Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade (ANEXO II).
7. Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e coa administración en xeral.(ANEXO II).
8. Certificado de convivencia, así como de sentenza firme de divorcio ou separación, ou de familia monoparental
9. Informe técnico especializado da situación a xustificar, no seu caso.
10. Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2023 das persoas que convivan na unidade familiar.
11. Calquera outra que se estime conveniente na instrución do procedemento.



Concello de Covelo

AUTORIZO A ADMINISTRACIÓN A COMPROBAR NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Asinado: Covelo, <input type="text"/>	A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:	
		Empadroad/a
		Non empadroad/a

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO



Concello de Covelo

ANEXO II

DECLARACIÓN

D/Dna

Con DNI

DECLARA:

- Que estou ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.
- Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas relacionadas coa subvención solicitada, procedente de calquera administración ou ente público ou privado son as seguintes:

Entidade concedente	<input type="text"/>
Cantidade solicitada	<input type="text"/>
Cantidade concedida	<input type="text"/>

NON RECIBO NINGUNHA OUTRA AXUDA (marcar este recadro en caso afirmativo)

Covelo,

Asinado

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO



Concello de Covelo

ANEXO III

COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO

Dna

Con DNI

e enderezo en

COMPROMÉTOME:

Á devolución desta axuda en caso de incumprirse algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Covelo,

Asinado

SR.ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO

